



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBEIRA O DÍA 11 DE XUÑO DO 2020.

ASISTENTES:

<p>Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten: D^a. María José Sampedro Fernández D^a. Juana María Brión Santamaría D. Ramón José Doval Sampedro D^a. Ana Isabel Barreiro Rego D^a Elvira Pereira Ageitos D^a. Ana Isabel Ruiz Reiriz D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor: D. Pablo Bao Castro</p> <p>Secretario xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten: -----</p>
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as nove horas e cincuenta minutos do día once de xuño do dous mil vinte, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 17 de xuño de 2019, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 28 de maio de 2020 e 4 de xuño de 2020.

II.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

III.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta





IV.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

BAIXA E ADXUDICACION POSTO Nº 17 DO MERCADO MUNICIPAL DE RIVEIRA.

VISTO o escrito presentado por D^a María José Ouviaña Pérez en representación de **Peixes Franmar, S.L.**, con data 27 de maio de 2020, rex de entrada nº 5.146, no que solicita a titularidade do posto de venda nº 17 do Mercado Municipal de Riveira, por cesión de concesión a terceiros do mesmo por parte da titular **D^a María Julia Pouso Pouso**.

CONSIDERANDO que o **artigo 32 do Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos Minoristas do Concello de Riveira** (BOP nº 14, de 20 de xaneiro de 2017) establece que os dereitos que corresponden aos concesionarios dos postos poderán cederse a terceiros, previa aprobación polo mesmo órgano que aprobou a adxudicación da concesión, sempre que estes reúnan as condicións de capacidade esixidas para outorgar orixinariamente a concesión.

CONSIDERANDO que de acordo co **artigo 35** do mesmo corpo regulamentario, antes de autorizar o Concello de Riveira as cesións a terceiros que reúnan as características do apartado 2 do artigo 32 deste Regulamento, poderá exercer o dereito de recuperación da concesión, polo prezo declarado, dentro do prazoEquince días naturais, desde a data de comunicación da solicitude de cesión, formulada polos interesados ante o órgano competente para a súa aprobación.

CONSIDERANDO que de acordo co **artigo 36**, aprobada a cesión intervivos do apartado 1- do artigo 32 deste Regulamento, ou a transmisión mortis causa polo Concello, o cesionario anteriormente mencionado e o sucesor hereditario, como requisito previo ao comezo da explotación, deberán ingresar nas arcas municipais, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión ou a transmisión, a cantidade que en concepto de canon estea establecida en cada momento na correspondente ordenanza municipal. No caso de que a cesión autorizada sexa a dos cesionarios que reúnan as características do apartado 2 do artigo 32 deste Regulamento, estes cesionarios deberán ingresar nas arcas municipais, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión, a cantidade dunha anualidade da taxa municipal correspondente á actividade para exercer.

En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e no caso do cesionario, ademais, non poderá ser beneficiario dunha nova cesión.

CONSIDERANDO que unha das causas de extinción da concesión é a renuncia expresa e por escrito do titular (**artigo 39**).

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, **acorda** por unanimidade dos seus membros:





Primeiro:-Tomar coñecemento da renuncia efectuada por **D^a María Julia Pouso Pouso** á titularidade da concesión do **posto de venda nº 17** do Mercado Municipal.

Segundo:-Transmitir, de acordo co disposto no artigo 32 do Regulamento do Mercado Municipal, a titularidade da concesión do **posto de venda nº 17** a **Peixes Franmar, S.L., debendo ser adicado á venda de peixe e marisco fresco.**

Terceiro:-Notificar este acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto:-Requerir a **Peixes Franmar, S.L.** para que, ao abeiro do disposto no artigo 32 do Regulamento do Mercado, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión, proceda a ingresar nas arcas municipais a cantidade dunha anualidade da taxa municipal correspondente á actividade para exercer.

En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e no caso do cesionario, ademais, non poderá ser beneficiario dunha nova cesión.

Quinto:-Comunicar este acordo ós Servizos Municipais de Tesourería e Recadación para a súa constancia e efectos oportunos.

V.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, de data 13/11/2019 (Rexistro de entrada nº 15.950), no que solicita licenza de obras para rehabilitación enerxética do CEIP de Palmeira, sito na Rúa Moldes nº 2, Palmeira, Ribeira, en parcela con ref^a catastral nº 3044501NH0134S0001XH.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 4 de decembro de 2019, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 27/04/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, **LICENZA DE OBRAS (Nº 18/20)** para **REHABILITACIÓN EXERXÉTICA DO CEIP DE PALMEIRA**, sito na Rúa Moldes nº 2, Palmeira, Ribeira, en parcela con ref^a catastral nº 3044501NH0134S0001XH, nos termos do Proxecto Básico e de Execución de setembro de 2019 redactado pola Sra. Silvia Martínez Lorenzo, (arquitecto col. nº 4.684).





SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os*



FIRMANTE - FECHA





seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".

- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20200505343
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 12/06/2020	JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/06/2020	Fecha: 12/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/06/2020 21:06:01		Hora: 21:04





VII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **Andrés Ortigueira Núñez**, de data 02/01/2020 (Rexistro de entrada nº 29), no que solicita certificación urbanística sobre acceso de camiño entre fincas 838 e 839, situadas en Insuela (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A007008390000KH - 15074A007008380000KU

Solicítase que se estableza a anchura que permita acceso ao resto de fincas entre as dúas fincas con referencia catastral arriba indicadas.

Examinado o Inventario de Bens Municipais, non se encontra ningún camiño público entre ambas propiedades. O Concello ten copia da escritura de propiedade da finca 15074A007008390000KH, e na descrición da mesma, polo Sur, non aparece ningún camiño.

Á vista do solicitado, parece que puidera existir unha servidume de paso privado entre fincas, non sendo competencia municipal.

VIII.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IX.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONS

Vista a **RESOLUCIÓN** do 27 de febreiro de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a dixitalización do patrimonio cultural de Galicia coa finalidade de preservación e difusión a través de Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, e se procede á súa segunda convocatoria para os anos 2020-2021, cofinanciada co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. (DOG núm. 46 do 03/03/2020)

Visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto polo Arquivo Municipal, José Antonio Otero Sobrido, de data 08/06/2020, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar á Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) unha axuda, ao abeiro da resolución citada anteriormente, para o desenvolvemento do proxecto **“Dixitalización de documentación histórica do Concello de Ribeira (2ª fase)”**

Este proxecto inclúe dixitalización dos seguintes libros ou expediente:

- Actas de Comisión municipal Permanente - 1924 a 1985.
- Libros “Padrón de Habitantes” - 1970 e de 1975.
- Libro de Bandos da Alcaldía -1892- 1923
- Libros de Actas da Xunta Pericial 1891 - 1969
- Libro de Actas da Xunta municipal de Asociados 1882-1924
- Libros Registro Mandamentos de Pago 1955 - 1960
- Padrón cédulas Persoais - 1914- 1916
- Padrón cédulas Persoais – 1942 - 1944
- Títulos administrativos Persoal 1ª Ensinanza - 1864-1932
- Libro Rgº Títulos Persoal 1ª Ensinanza - 1890-1932
- Libros de Actas Xunta municipal Educación - 1901-1970
- Libro Rexistro de Salvoconductos – 1946 - 1947
- Libros Rxº Entrada e Saída de Buques (Sanidade marítima) – 1863 / 1896
- Libros de Actas da Xunta Municipal Sanidade - 1863-1923
- Libros de Actas X. M. Beneficencia - 1864- 1960
- Ordenanzas Municipais - 1867-1880
- Actas Xunta Soberana - Revolución de 1868
- Memorias e Inventario Documentación Concello - 1898- 1916
- Accidentes de Traballo - 1902-1936
- Exptes. Gubernativos sobre Relixión Evanxélica - 1888- 1924
- Actas do Pleno - 1990- 1998
- Actas da Xunta local de reformas Sociais 1900 - 1933
- Censo escolar xeral 1955
- Actas de posesión mestres nacionais 1925 – 1932



FIRMANTE - FECHA





- Expediente de municipalización con monopolio do servizo municipal de lonxa 1964 – 1969
- Xunta municipal do censo de poboación 1897 – 1917
- Xunta municipal do censo electoral 1892 - 1907

Segundo.- aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada orde.

ALEGACIONES SOBRE EL PROYECTO DE TRAZADO DE LA “I FASE DE LA ACTUACIÓN: VARIANTE DE RIBEIRA”.

Se da cuenta y lectura a la Xunta de Gobierno Local, del informe elaborado por la Ingeniera y el Arquitecto municipales dentro del trámite de información al público del Proyecto de trazado de la “I FASE DA ACTUACIÓN: VARIANTE DE RIBEIRA”, y que es del siguiente tenor literal:

“INFORME TÉCNICO SOBRE EL PROYECTO DE TRAZADO DE LA “I FASE DA ACTUACIÓN: VARIANTE DE RIBEIRA”

Con motivo del trámite de información pública al que está sometido el proyecto de trazado de la “I FASE DA ACTUACIÓN: VARIANTE DE RIBEIRA” se ha revisado el documento mencionado y se considera necesario presentar las siguientes alegaciones técnicas para su estudio y su inclusión en el proyecto de ejecución:

- *En el núcleo de Cruxeiras, a la altura del paso inferior PI 0.6, se plantean muros de contención de más de 7,00 m de altura. Solicitamos que se sustituya esta estructura por un viaducto, como mínimo entre el P.K. 0+580 y el P.K. 0+660, para disminuir las afecciones sobre las viviendas de la zona. (Ver plano 1).*
- *No se contempla la instalación de alumbrado público en ningún tramo de la variante. Se considera adecuado iluminar como mínimo las glorietas proyectadas.*
- *Para evitar discordancias entre el trazado propuesto y el Plan General de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado, se propone lo siguiente:*
 - *Que el Sector 1, sin accesos directos a la vía, tenga menor longitud al desplazar la glorieta GL 1.3 al P.K. 1+160 aproximadamente (Ver plano 2). A partir de este punto se plantea mantener la traza del sistema general previsto en el PGOM, con las condiciones de vial urbano fijadas para el Sector 3 (velocidad de proyecto 40 km/h). De esta forma se podrían conectar directamente a la vía las calles Manuel Antón, Ameneiro y Mariño de Rivera tal y como establece el PGOM, respetando así la morfología de crecimiento urbano previsto y dando mayor fluidez a la circulación de vehículos en el casco urbano al proporcionar más accesos a la variante. Este tramo finalizaría en la conexión con la Avenida de la Constitución y debería tener características de calle, con aceras y alumbrado público, además de la red de drenaje de pluviales pertinente. (Ver plano 3).*





- *No executar el Sector 2 del Tramo 2 previsto y que el Sector 3 comience en el P.K. 1+920 aproximadamente. La glorieta GL 1.7 proyectada está a una cota superior a la de las calles colindantes y su ejecución dificultaría el acceso peatonal y rodado a los centros escolares de la zona y provocaría además el corte de la Rúa 1 Cubeliño y de la Rúa 3 Cubeliño, que quedarían como vías sin salida (Ver plano 4). Por este motivo se propone que la conexión entre ambos tramos de la variante se realice a través de la propia trama urbana tal y como prevé el PGOM (se adjunta este plano) o que se estudie otra alternativa de enlace con la glorieta GL 2.1 que no suponga el corte de calles o accesos existentes.”*

Enterados/as los/as sres/as concejales/as del contenido del citado informe, **la Junta de Gobierno Local** en el ejercicio de las funciones delegadas por la Alcaldía con fecha 17 de Junio de 2019, **acuerda** por unanimidad de sus miembros:

Primero: -Aprobar el contenido del informe elaborado por la Ingeniera y el Arquitecto municipales dentro del trámite de información al público del Proyecto de trazado de la “I FASE DA ACTUACIÓN: VARIANTE DE RIBEIRA”, asumiendo el mismo como alegaciones propias a los efectos del cumplimiento del citado trámite

Segundo: -Remitir certificación del presente acuerdo, junto con el resto de la documentación que proceda (planos, informes, etc.), a la AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUCTURAS dentro del plazo de información al público del proyecto de referencia, y en todo caso, antes del día 15 de junio de 2020.

Tercero: -Facultar al Sr.alcalde-presidente tan ampliamente como en Derecho sea posible para garantizar la plena efectividad del presente acuerdo.

PAGAMENTO DE SUBVENCIONS CONCEDIDAS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO. LIÑA DE DEPORTES. EXERCICIO 2019.

Vista a proposta de aprobación de xustificación e **pagamento de subvencions concedidas a entidades sen ánimo de lucro. Liña de deportes. Exercicio 2019**, presentada polo Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas, de data 08/04/2020.

Visto o informe de fiscalización emitido ao respecto polo interventor municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/06/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar xustificación e o pagamento de subvencions concedidas a entidades sen ánimo de lucro. Liña de deportes. Exercicio 2019, según o contido da documentación que consta no expediente, resultando a relación de beneficiarios de subvención tal como segue no seguinte cadro resumo:





ENTIDADE	IMPORTE	CONDICIONAMENTOS
CLUB NATURAL SPORT	12.000,00	Queda condicionada á presentación dos certificados de atoparse ao corrente das súas débedas
CLUB ATL RIVEIRA	10.380,72	-----
CARREIRA CLUB DE FUTBOL	10.456,83	-----
SALVORA CLUB DE FUTBOL	12.000,00	-----
S.D. XUVENTÚ AGUIÑO	10.145,94	-----
CLUB DE REMO NÁUTICO RIVEIRA	12.000,00	-----
CLUB NATACIÓN RIVEIRA	6.605,42	-----
CLUB KEMPO BARBANZA	5.130,27	-----
CLUB NAUTICO DEPORTIVO DE RIVEIRA	5.536,21	-----
CLUB ATLETICO OLEIROS	4.479,91	-----
CLUB PALMEIRA	2.378,27	-----
CLUB BALONCESTO RIVEIRA	3.778,75	-----
ESCUELA BOXEO EL CANARIO	5.695,68	-----
CLUB KENPO RIVEIRA	3.319,00	-----
CLUB PATINAXE RIVEIRA	3.017,29	-----
CLUB ATLETISMO RIVEIRA	2.842,13	-----
CLUB DEPORTIVO ARTES	2.847,11	-----
CLUB DEPORTIVO PADEL RIVEIRA	2.811,13	-----
PEÑA CICLISTA TAHUME	730,80	-----
CLUB DEPORTIVO AS MIÑOTEIRAS FS	1.349,60	-----
CLUB WINDSURF CATRO VENTOS	1.964,93	-----
CLUB XADREZ CIRCULO MERCANTIL	530,00	-----

APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE ECONÓMICA COMO CONSECUENCIA DO IMPACTO ECONÓMICO PROVOCADO POLA CRISE SANITARIA DO COVID-19.

Vista a **Providencia de Inicio** do expediente de concesión de axudas asinado polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, e a Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Ana Isabel Ruiz Reiriz, de data 17/09/2019, na que propón a aprobación das bases da convocatoria para a concesión de axudas de emerxencia a persoas en situación de dificultade económica como consecuencia do impacto económico provocado pola crise sanitaria do COVID-19.

Visto o **informe** emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/06/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





- a) Aprobar as bases da convocatoria para a concesión de axudas de emerxencia a persoas en situación de dificultade económica como consecuencia do impacto económico provocado pola crise sanitaria do COVID-19, así como autorizar o gasto total con cargo á partida correspondente no orzamento 2020.
- b) En todo caso, a concesión das mesmas queda supeditada á aprobación definitiva do orzamento do exercicio 2020.

APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA DO COMERCIO E A HOSTALERÍA LOCAL, PROVOCADA POLA CRISE SANITARIA DO COVID-19.

Vista a **Providencia de Inicio** do expediente de concesión de axudas asinado polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, e o Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Ramón José Doval Sampedro, de data 10/09/2019, na que propón a aprobación das bases da convocatoria para a concesión de axudas para a reactivación económica do comercio e a hostalería local, provocada pola crise sanitaria do COVID-19.

Visto o **informe** emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/06/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Aprobar as bases da convocatoria para a concesión de axudas para a reactivación económica do comercio e a hostalería local, provocada pola crise sanitaria do COVID-19, así como autorizar o gasto total con cargo á partida correspondente no orzamento 2020.
- b) En todo caso, a concesión das mesmas queda supeditada á aprobación definitiva do orzamento do exercicio 2020.

APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A MELLORA E INNOVACIÓN DO COMERCIO LOCAL.

Vista a **Providencia de Inicio** do expediente de concesión de axudas asinado polo Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, e o Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Ramón José Doval Sampedro, de data 10/09/2019, na que propón a aprobación das bases da convocatoria para a mellora e innovación do comercio local.

Visto o **informe** emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 10/06/2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 2020050343
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 12/06/2020 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/06/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/06/2020 21:06:01		Fecha: 12/06/2020 Hora: 21:04





- a) Aprobar as bases da convocatoria para a concesión de axudas para a mellora e innovación do comercio local, así como autorizar o gasto total con cargo á partida correspondente no orzamento 2020.
- b) En todo caso, a concesión das mesmas queda supeditada á aprobación definitiva do orzamento do exercicio 2020.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e cincuenta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

**O Alcalde
Manuel Ruiz Rivas**

**Dou fe, o secretario xeral
Juan Manuel Salguero del Valle**



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVIERA)-ALCALDE PRESIDENTE - 12/06/2020
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/06/2020 21:06:01

DOCUMENTO: 20200505343

Fecha: 12/06/2020
Hora: 21:04

